



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



### ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZ DE MARZO DE 2020 CON CARÁCTER ORDINARIO

#### SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ

SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día dez de marzo de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

#### ORDE DO DÍA

##### **1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24/02/2020).**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

##### **2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacóns previas.**

2.1.- Instancia núm. 202099900000052 de Unión Fenosa Distribución, SA –Gas Naturgy-UFD. (Expte. núm. 2020/U022/000005)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana M. Salgado López, en representación de Unión Fenosa Distribución, SA –Gas Naturgy-UFD, con domicilio en A Coruña, solicita licenza para obras de RBTS (Rede de Baixa Tensión Subterránea) en Silvaescura –San Fins de Sales (expediente núm.: 2020/U022/000005), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Pablo López Alonso en calidade de Enxeñeiro Industrial.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Pablo López Alonso e de data 10/02/2020.

3º.- Por tratarse dun uso común especial normal do dominio público e suxeito a licenza, deberá terce en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público, adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Dáse conta de que se constituí garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (RXE núm.: 216, do 17/02/2020).



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas; sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.2.- Instancia núm. 201890000000901 de don Juan José Guerra Rodríguez e dona Raquel Almazán Ortega (Expdte. núm. 2018/U022/000025)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Vedra, solicitan licenza para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar en Pousada de Abaixo-Vedra (expediente núm.: 2018/U022/000025), en solo cualificado como “De Núcleo Rural. N-1”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por dona Natalia Lorenzo Mena, en calidade de arquitecta, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 50% da parcela neta, núm. Plantas: B+1, altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,40 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta e que cumple, dende o punto de vista técnico o o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000803700NH43E.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Natalia Lorenzo Mena de data 18/11/2019 e número de visado 1905992.2.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m. debendo gardar a distancia das alañiñados respecto das vías.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante cá vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel coa vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima de 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darrle continuidade.

-Deberá achegarse oficio de dirección de Arquitecto-Técnico e Coordinador de Seguridade e Saúde.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e nos planos do proxecto número 01-02-03, de 253 m<sup>2</sup>, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso, a licenza de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de tres mil cincocentos seis euros con noventa e tres céntimos (#3.506,93#)

2.3.- Instancia núm. 20200000000234 de don José Ramón García Trazado (Expte. núm. 2020/U023/000001).

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza de demolición de edificación con destino á garda de apeiros en Lagoa , 4 – Santa Crtuz de Ribadulla (Expte. núm.: 2020/U023/000001), en solo cualificado como “Dos Núcleos Rurais. N-1”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Juan S. Lareo Sánchez, en calidade de arquitecto, con data de visado do 23/01/2020 e número 2000290.2, e que cumple, dende o punto de vista técnico, o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente do Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002303900NH43F0000PU.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para a execución será dun mes debendo comunicar ao concello a data do derribo cun mínimo de 15 días de antelación para tomar as medidas oportunas.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Axustarase ao proxecto achegado.

-Deberase colocar un cercado na fronte da parcela dunha altura mínima de 2 m. de materiais que ofrezan seguridade debendo deixar un paso para os peóns na calzada de polo menos 60 cm.

-En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de cincuenta euros (#50,00#)

2.4.- Comunicación previa de obra de don Luís Louzao Álvarez. (Expte. núm. 2020/U026/000005)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Luís Louzao Álvarez para rehabilitación de vivenda consistente na renovación de material de cuberta, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Antonio Sabucedo Costa en calidade de Arquitecto e de data 07/02/2020.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001600300NH43H, emprazada en Sobredo, 8 - San Pedro de Vilanova, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidad de oitenta e tres euros (#83,00#).

2.5.- Comunicación previa de obra de don Luís José Mosquera Bouzón. (Expte. núm. 2020/U026/000006).

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Luís José Mosquera Bouzón para construcción de rampla de acceso á finca colocando catro tubos de 40 mm. de sección e cubrindo con cemento ao mesmo nivel coa vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001301300NH43E0001EX , emprazada en Fontao, 12 – Vedra, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidad de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Instancia núm. 202099900000030 de Pirotecnía Penide, S.L. (Expte. núm. 2020/U022/000004)

Dáse conta da citada instancia na que don Arturo Penide Gálvez en representación de Pirotecnia Penide, S.L, solicita licenza para obras de caseta de carga de subidas en pirotecnia en Vista Alegre, 2 – Ponte Ulla (expediente núm.: 2020/U022/000004), en solo cualificado como “Solo Urbanizable Non Delimitado. SUND-8”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto, e que cumple, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 8766201NH4386N0001UT.

Dáse conta tamén da autorización outorgada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de servidumes aeronáuticas (AESPA) no expediente I20-0028, que tivo entrada no rexistro do concello con data do 28/02/2020 e número 272.

Dáse conta da declaración achegada polo solicitante de renuncia ao incremento de valor de expropiación, de ser o caso.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández de data 08/01/2020, número visado: 2000338.2.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidad de cento dez euros con sesenta e un céntimos (#110,61#)

2.7.- Instancia núm. 201999900000159 de don Victoriano Breogán Udias López e dona Natalia Abel Fernández García (Expte. núm. 2019/U022/000028)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Santiago de Compostela, solicitan licenza para obras de construcción de vivenda unifamiliar de planta baixa e alta, peche de finca e muro de contención, en Caxaraville –San Miguel de Sarandón (expediente núm.: 2019/U022/000028), en solo cualificado como “De expansión dos Núcleos Rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Miguel Serrano Gómez, en calidade de arquitecto, sendo don Roberto Roget Antelo o Arquitecto-Técnico e Coordinador de Seguridade e Saúde, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: plantas B+1, altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A506011060000AG.

Dáse conta tamén da autorización outorgada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de servidumes aeronáuticas (AES) no expediente E20-0421, que tivo entrada no rexistro do concello con data do 28/02/2020 e número 271.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Miguel Serrano Gómez de data 20/02/2020 e número de visado 2000827.2.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m. debendo gardar a distancia das alíñacións respecto das vías.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante cá vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel coa vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima 400 mm. para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U-1, de 65 m<sup>2</sup>. e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a licenza de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil cincocentos vinte euros (#2.520,00#)

### 3º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de establecementos.

3.1.- Instancia de dona Mónica Camino Vázquez para cambio de titularidade de café-bar.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta da declaración responsable achegada por dona Mónica Camino Vázquez de cambio de titularidade de licenza de café-bar na Rúa Alcalde Francisco Carrillo, 8 – Santa Cruz de Ribadulla, denominado comercialmente *Taberna O Patio* (Expdte.: número 2020/U020/000001).

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto, entre outras, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, toma coñecemento da documentación achegada e da declaración realizada por dona Mónica Camino Vázquez do cambio de titularidade da licenza de mencionada.

Dáse conta tamén da liquidación da taxas correspondentes xa ingresadas na tesouraría municipal.

**3.2.- Instancia de García Sarandón.** para cambio de titularidade de licenza de supermercado (Expdte.: número 2020/U020/000002).

Dáse conta da declaración responsable achegada por don José García García en representación de García Sarandón, SLU de cambio de titularidade de licenza de Supermercado en Sarandón, 29 – San Miguel de Sarandón, denominada comercialmente García García, Centro Comercial (Expte.: número 2020/U020/000002).

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto, entre outras, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, toma coñecemento da documentación achegada e da declaración realizada por don José García García en representación de García Sarandón, SLU do cambio de titularidade da licenza de mencionada.

Dáse conta tamén da liquidación da taxas correspondentes que foron ingresadas na tesourería municipal.

### 4º.- Certificacións de obras

**4.1.- Certificación** núm. 1 da obra de *Mellora do pavimento de Brañas a Francés; de Galegos á N-525; de Afós á N-525; de Tras das Formas a Caniñas e outras* (POS Adicional 1/2018)

Dáse conta da certificación núm. 1 da obra de *Mellora do pavimento de Brañas a Francés; de Galegos á N-525; de Afós á N-525; de Tras das Formas a Caniñas e outras* (código 18.2001.0778.0), incluída no Plan Adicional 1/2018 (plan único de concellos), e máis da factura núm. E020 50 da empresa adxudicataria da obras, Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de oitenta e un mil cincocentos seis euros con dezaoito céntimos (#81.506,18#)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e máis a factura.

### 5º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento do dereito de redución da cota tributaria da taxa de recollida do lixo no Padrón Fiscal do exercicio 2020.

En relación coa *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*, regulada pola Ordenanza fiscal núm. 12 (BOP núm. 5 do 08.01.2004) modificada por acordo plenario de data 24/10/2012 (BOP núm. 245 do 26.12.2012), e coa formación do Padrón Fiscal do vixente exercicio 2020, polo que respecta ás *reducións na aplicación da tarifa correspondente á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario* (Expdte. Electrónico 2020/X999/000015: XT\_PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA LIXO EXERCICIO 2020 - REDUCIÓNNS DA COTA TRIBUTARIA).

**5.1.** Dáse conta do expediente de xestión tributaria instruído a iniciativa dos servizos sociais municipais para o recoñecemento do *dereito de redución da cota tributaria* aos contribuíntes, propietarios de vivendas e relacionados no Anexo que obra no expediente, previa solicitude por parte dos mesmos.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



No expediente constan os seguintes informes favorables:

- \* O informe da traballadora social, do 24/02/2020, no que se manifesta que os citados propietarios cumplen os requisitos esixidos no artigo 8.1 da Ordenanza, dado que os ingresos anuais totais da unidade familiar non superan o IPREM vixente, correspondéndolle a cada un dos titulares relacionados unha redución do 50% (11 contribuíntes) ou do 100% (2 contribuíntes) da cota tributaria, segundo a condición que ostentan.
- \* O preceptivo informe da secretaría-intervención, de data 27/02/2020, acreditativo de que todos os solicitantes se encontran ao corrente no pago da taxa e do importe da cota tributaria vixente para o actual exercicio, así como da contía da minoración no importe total do padrón fiscal (510 euros), no suposto do recoñecemento das reducções solicitadas.

5.2. Dáse conta tamén do expediente de xestión tributaria iniciado a instancia da parte interesada (M.C.I.N., con NIF rematado en 889C) con data 19/02/2020 e tramitado polo departamento responsable da xestión da taxa, para o recoñecemento do *dereito de redución á metade da cota tributaria*, regulado no artigo 8.1, á contribuínte M.C.I.N. propietaria de vivenda, quen se identifica convenientemente na solicitude e no anexo que obran no mesmo.

Neste expediente consta o informe de secretaría-intervención, de data 27/02/2020, acreditativo de que a solicitante cumple todos os requisitos esixidos no citado artigo 8.1, emitido polo tanto en sentido favorable e indicando a contía da minoración no importe total do padrón fiscal (34 euros), no suposto do recoñecemento da redución do 50% solicitada pola interesada.

No referido expediente electrónico consta tamén a proposta de resolución por acordo da Xunta de Goberno, asinada polo secretario con data 02/03/2020.

Visto o expediente, en función dos citados informes, da proposta de secretaría e da delegación feita polo Pleno da corporación en sesión celebrada o día 18/02/2015, en relación co establecido no parágrafo segundo do artigo 8.1 da Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

**1º.- Que se recoñece o dereito de redución da cota tributaria solicitado polos citados contribuíntes, que ascenden a un total de catorce.**

**2º.- Que no padrón fiscal que se forme para o actual exercicio 2020, a liquidación correspondente a cada unha das 14 vivendas que se relacionan nos anexos citados se practique polo importe de 34 ou cero euros cada unha, o que supón a redución do cincuenta ou do cen por cento da *cota tributaria anual vixente de 68 euros por vivenda*, así como *unha minoración no importe total do citado padrón fiscal que ascende á cantidade de 544 euros*.**

### **6º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención PEL 2020.**

Dáse conta do extracto da Resolución núm. 2020/5418, do 14 de febreiro, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes (PEL-CONCELLOS anualidade 2020)

Dentro da citada convocatoria, a Xunta de Goberno Local acorda:


**Primeiro.- Adherirse ao Programa de Integración Laboral mediante e execución de obras e servizos mínimos municipais da Deputación da Coruña, anualidade 2020, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidos.**

**Segundo.- Solicitar subvención para as seguintes contratacóns:**



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Brigada verde: 2 oficiais de segunda xardineiros (a xornada parcial : 5 horas/día durante 5 meses).

Brigada de obras: 2 oficiais de segunda albaneis (a xornada parcial: 5 horas/día durante 5 meses).

Servizos varios-recollida de RSU : 1operario de servizos varios-axudante RSU (a xornada completa durante 3 meses).

### 7º.- Facturas varias.

Dáse conta da relación contable de facturas núm. F/2020/3 (expediente electrónico núm. 2020/X999/000019), que ascende a un importe total de 138.323,69 euros, a cal se engade como anexo á presente acta.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as facturas contidas na citada relación.

### 8º.- Aprobación gastos de persoal.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data 10 de marzo, de aprobación de gastos de quilometraxe, asistencias a cursos, e fondo social dos traballadores municipais, por importe de 4.290,82 euros.

### 9º.- Dar conta de Resolucíons da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucíons da Alcaldía do mes de febreiro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
57	03/02/2020	Adxudicando a Marlo, S.L a subministración de dúas marquesiñas para refuxio de viaxeiros (Exp. Contrato menor 2020/C002/000001)
58	03/02/2020	Adxudicación contrato menor de servizos de comunicación e prensa a Lindeiros S.C. (Exp. 2020/C002/000004)
59	03/02/2020	Adxudicando a Construcciones Boqueixón, S.L obra de ampliación da rede de saneamento en San Mamede (Exp. Contrato menor 2020/C002/000006)
60	04/02/2020	Aprobación padrón fiscal taxa abastecemento de auga do 4º trimestre de 2019
61	04/02/2020	Licenza para posesión de can de raza perigosa (EFP)
62	04/02/2020	Licenza para pasear can de raza perigosa (AGL)
63	05/02/2020	Aplicación Lei de incendios
64	05/02/2020	Adxudicando a Manuel Silva Fernández traballos de restauración de mesa para arquivo, arranxos varios na Casa da Terceira Idade e outros (Exp. Contrato menor 2020/C002/000007)
65	05/02/2020	Adxudicando a José Angel Núñez Castiñeiras a redacción de memoria para a eficiencia enerxética no Pavillón Municipal e na Gardería Municipal (Exp. Contrato menor 2020/C002/000005)
66	05/02/2020	Aprobando convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termino municipal durante o exercicio 2020
67	05/02/2020	Adxudicando a Droguería -Ferretería El Sol, S.L de subministración de perforadora para o servizo de abastecemento de auga (Exp. 2020/C002/000002)
68	06/02/2020	Aprobación factura Rede Cultural 2019
69	06/02/2020	Expediente modificación de créditos 1/2020 (incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



70	10/02/2020	Expediente limpeza de fincas
71	10/02/2020	Concesión praza na escola infantil municipal para o curso escolar 2019/2020
72	10/02/2020	Altas no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2020 (58 altas)
73	11/02/2020	Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2020
74	12/02/2020	Inicio expediente contratación obra de Saneamento en Romarís (POS +2019), mediante procedemento aberto simplificado
75	12/02/2020	Aprobación expediente contratación obra de Saneamento en Romarís (POS +2019), mediante procedemento aberto simplificado
76	12/02/2020	Concesión axuda de emerxencia social a VFC
77	13/02/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
78	13/02/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
79	14/02/2020	Concesión praza na escola infantil municipal para o curso escolar 2019/2020 a CMR
80	14/02/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
81	17/02/2020	Modificación de créditos nº 2/2020 (xeración)
82	17/02/2020	Cambio de titularidade recibos taxas de lixo e sumidoiros da vivenda núm. 14- 2º Esq. De Vista Alegre –Ponte Ulla
83	17/02/2020	Cambio de titularidade de recibo taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 33 de Tomonde – Santa Cruz de Ribadulla
84	17/02/2020	Cambio de titularidade de recibo taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 23 de Caldelas-Ponte Ulla
85	18/02/2020	Aprobación memoria de eficiencia enerxética no Pavillón Municipal e solicitude de subvención ao IDAE
86	18/02/2020	Compromiso dotación crédito para solicitude de subvención ao IDAE para a mellora de eficiencia enerxética no Pavillón Municipal
87	18/02/2020	Compromiso dotación crédito para solicitude de subvención ao IDAE para a mellora de eficiencia enerxética na Gardería Municipal
88	18/02/2020	Aprobación memoria de eficiencia enerxética na Gardería Municipal e solicitude de subvención ao IDAE
89	18/02/2020	Delegación funcións Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde, don Manuel Costa Carneiro, do 28/02-01/03 (motivos persoais)
90	18/02/2020	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga potable de vivenda nº 12 de Fufín-Vedra
91	18/02/2020	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga potable de vivenda nº 8 de Fufín-Vedra
92	18/02/2020	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga potable de vivenda nº 11 de Galegos –Santa Cruz de Ribadulla
93	18/02/2020	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga potable de vivenda nº 16 de Marzá de Abaixo-Vedra
94	18/02/2020	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
95	18/02/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
96	19/02/2020	Cambio de titularidade de recibos taxas de lixo e sumidoiros da vivenda nº 32 de Cibrán – San Xián de Sales
97	20/02/2020	Concesión axuda de emerxencia social a LCN
98	20/02/2020	Adxudicando a Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU os traballos de control analítico da rede de abastecemento de auga potable, subida e actualización de datos no SINAC para o ano 2020 (Exp. Contrato menor 2020/C002/000008)
99	20/02/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
100	20/02/2020	Cambio de titularidade taxa lixo da vivenda núm. 31-2º Dta de Galegos –Santa Cruz de Ribadulla
101	20/02/2020	Cambio de titularidade da taxa de sumidoiros da vivenda núm. 31 -2º Dta de Galegos –Santa Cruz de Ribadulla e anulación liquidación 2019 á proposta da Deputación Provincial



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



102	20/02/2020	Aprobación incremento retribucións do persoal ao servizo do sector público (2% recollido no R-D-Lei 2/2020, do 21 de xaneiro, con efectos do 01/01/2020)
103	20/02/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
104	21/02/2020	Aprobación nóminas correspondentes ao mes de febreiro e atrasos do incremento do 2% con efectos do 01/01/2020
105	21/02/2020	Adxudicando a Oviga, S.L obra de Pavimentación de vía en Matelo – San Xián de Sales (Exp. Contrato menor 2020/C002/000009)
106	21/02/2020	Aprobación memoria descriptiva e valorada, orzamento e solicitude e aceptación condicións subvención Obradoiro de Emprego “Boqueixón, O Pino, Touro e Vedra 2020-2021”
107	21/02/2020	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
108	21/02/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
109	21/02/2020	Convocatoria e bases para a elección de Xuíz de Paz Titular
110	21/02/2020	Cobertura baixa por IT dunha das monitoras da ludoteca municipal con dona Erika Rodríguez a xornada parcial (12 horas/semana) por obra ou servizo
111	21/02/2020	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga potable de vivenda nº 9 de Vilar – Vilanova
112	21/02/2020	Aprobación regulación taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Vedra
113	21/02/2020	Designación de vogais titulares do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE nas Comisións Informativas Permanentes con motivo da toma de posesión como concelleiro de don Carlos García Cutrín, a proposta dese Grupo
114	24/02/2020	Aprobación convenio para atención temperá entre os concellos de O Pino, Touro, Boqueixón e Vedra
115	25/02/2020	Baixa no SAF-Libre concorrenza de usuario por incompatibilidade co SAF Dependencia
116	27/02/2020	Aprobación expediente contratación obra do Proxecto modificado de Colectores Xerais e Edar de Vedra. Vedra (A Coruña) (POS +2019-Préstamo). (Delegación pleno 19/02/2020)
117	27/02/2020	Cambio de titularidade de recibos taxas de lixo e sumidoiros da vivenda nº 8 de Calzande – San Xián de Sales
118	27/02/2020	Aprobación nómina de dona Erika Rodríguez Canicoba do mes de febreiro
119	27/02/2020	Expediente modificación de créditos nº 3/2020 (xeración)
120	27/02/2020	Aprobación liquidación do orzamento do exercicio económico 2019

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

### 10º.- Outros asuntos

#### 10.1.- Acordo de adhesión á Rede XATEmprego

Visto o protocolo remitido pola Secretaría Xeral de Emprego para adherirse á rede de axentes e persoal técnico de emprego e desenvolvemento local, para que o seu persoal dentro deste ámbito teña acceso á aplicación web Xatemprego e aos seus recursos, así como á posibilidade de traballar de xeito colaborador con outro persoal integrado na Rede.

A Xunta de Goberno Local acorda adherirse á citada REDE e a inclusión na mesma do seu persoal técnico : Vanessa Crespo Souto (ADEL)

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.

### RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 10-03-2020

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APPLICACIÓN -				I.V.A. Deductible Euros	- DESCUENTOS -				
				Año Proyecto	Org.	Prog.	Econ.		RC,A,D	Importes Euros	Conceptos Descuento Euros	Importes Euros	Importe Fac. Euros
F/2020/332 12/02/2020	A80241789 Ferrovial Servicios S.A. Xestión servizo iluminación pública municipal. Xaneiro/2020 (P4: renovación instalacións)	5600220902 31/01/2020	Conformada ALCALDÍA	2020 2018 / 2 / ALUME / 1 / 1	165	63900				6.934,82			6.934,82
F/2020/333 12/02/2020	A80241789 Ferrovial Servicios S.A. Xestión servizo iluminación pública municipal. Xaneiro/2020 (P2: mantemento. P3: garantía total)	5600220900 31/01/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	165	21000		AD:220200000034		6.463,42			6.463,42
F/2020/334 12/02/2020	A80241789 Ferrovial Servicios S.A. Xestión servizo iluminación pública municipal. Xaneiro/2020 (P1: xestión enerxética)	5600220842 31/01/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	165	22100		AD:220200000035		4.593,31			4.593,31
F/2020/343 14/02/2020	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica á pista de rodadura de Vedra. Período: 20/11/2019-19/01/2020	FE20321321474521 12/02/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	341	22100				8,85			8,85
F/2020/344 14/02/2020	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica á casa da terceira idade. Período: 01/01/2020-31/01/2020	FE20321321474549 12/02/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	231	22100				294,72			294,72
